

# PARÁMETROS SOCIOECONÓMICOS RELEVANTES

## 1.1 Introducción

Este primeiro capítulo do diagnóstico non está dedicado a presentar indicadores ou análises relativos ao uso efectivo das TIC, senón que se centra na exposición das características socioeconómicas de Galiza, en comparación coas do seu contorno xeosocial. A presenza desta información no diagnóstico vén motivada polo feito certo da existencia de graos de correlación –máis forte ou máis feble– que se poñen de manifesto entre o nivel de desenvolvemento económico e social dun país e o aproveitamento efectivo das TIC ou, dito doutro xeito, o desenvolvemento da sociedade da información.

Así, aínda que os datos que se tratan nas seguintes páxinas amosan aspectos ben coñecidos –moitos deles obvios– da realidade socioeconómica galega, non está de máis que sexan subliñados no seu conxunto. Isto responde, fundamentalmente, a que estes datos conforman –como se verá máis adiante, en capítulos posteriores deste informe– un contexto de claro carácter estrutural directamente influente no desenvolvemento da sociedade da información en Galiza. En tantos estruturais, pois, estes factores deberán terse moi en conta para o deseño das estratexias e actuacións que conformarán o PEGSI.

As restantes páxinas deste capítulo tratan reflexións en tres ámbitos de análise –a demografía do país, os macroindicadores económicos e as principais características do tecido produtivo– que servirán como base de razoamento en apartados posteriores, nos que se porán en relación estes datos cos indicativos de uso e penetración das TIC.